

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 18 de novembro de 2019 e que literalmente di :

“

Informe proposta para a adxudicación de subvención nominativa

Recibidas do concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas as instrucións de inicio deste expediente de forma oral, deixase constancia por escrito nos termos do artigo 36 da Lei 39/2015.

Primeiro.- No anexo de subvencións nominativas para o exercicio de 2019, aprobado inicialmente por acordo do Concello de Ferrol, de data 31/10/2019 e publicado no BOP nº 211 de 6/11/2019 e unha vez transcorrido o prazo de presentación de reclamacións sen que se teña presentado ningunha polo que quedou elevado a definitivo, figura a seguinte subvención nominativa:

Adxudicatario : **COORDENADORA DE EQUIPAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE FERROL G70018536**

Importe: **6.500 €**

Obxecto da subvención: **financiamento do programa “Teatro con G 2019”**

Segundo.- Achégase convenio segundo modelo aprobado por decreto do concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas de 26/02/2018 e informado favorablemente pola xefatura de servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo.

Por todo o anterior, **proponse :**

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entra o Concello de Ferrol e COORDENADORA DE EQUIPAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE FERROL para financiamento do programa “Teatro con G 2019” por importe de 6.500 €.

SEGUNDO.- Adxudicar o seguinte gasto:

- Adxudicatario: **COORDENADORA DE EQUIPAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE FERROL G70018536**
- Obxecto da subvención: **financiamento do programa “Teatro con G 2019”**
- Importe: **6.500 €**
- Partida: **05003 3263 48000**
- Doc Contable: **219100217 Ref: 186**

TERCEIRO.- Forma de pagamento:

- Realizarase o pago anticipado do 100% do importe concedido, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvección.
- O réxime de garantía quedará establecida a través da retención á entidade beneficiaria do 50% do importe concedido.

“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

Decreto.- Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.
Ferrol,

O Concelleiro Deleg. da Área de Cultura,
Educación, Universidade, Deportes e
Festas

Dou fe,
O secretario xeral